

Estimadas familias

Para comezar, informármovos, que despois de recibir as cualificacións da segunda avaliación, é esencial que teñades reunións cos titores para ver a evolución e progresos dos vosos fillos, e así poder deseñar estratexias de cara á última avaliación do curso.

O día 8 de marzo celebramos o día da muller, e durante o mes festexamos ademais o día dos bosques, o día da auga e o día do planeta, tendo en conta o noso obxectivo deste ano: A PAZ.



Nestes días de Coresma teremos unhas sinxelas celebracións cos alumnos, organizadas polo departamento de Pastoral.

O martes, 28 de marzo non haberá clase por ser o **día da Reconquista de Vigo**.

O día 31 de marzo, venres, teremos no noso centro, pola tarde, a **OPEN ENGLISH CLASS**, onde poderedes disfrutar das actuacións dos nosos alumnos de EI e 1º, 2º e 3º de EP.

Do 1 ao 10 de abril teremos as **vacacións de Semana Santa**. Volvemos o 11 de abril ás clases.

Tamén en abril festexaremos o **día do libro** con distintos actos, organizados polo departamento de Linguas .

Do 26 de abril ao 1 de maio os alumnos de ESO disfrutarán en York (United Kingdom) dunha **inmersión lingüística** para desenvolver e afianzar a súa competencia lingüística en inglés dentro dunha cultura anglosaxona.

Xa para rematar, lembramos que continuamos a traballar con distintos proxectos, sempre relacionados co valor do curso, **proxecto de reciclaxe #ReciclaNJP** e proxecto **Residuos cero#Teachers for future**, concienciando a todos da necesidade de reutilizar, reducir e reciclar para cuidar o medio ambiente



Podedes atopar máis información sobre o que facemos día a día nas redes.



Un saúdo

A DIRECCIÓN